

PROGRAMACIÓN ETAPA DE

ÍNDICE: EDUCACIÓN INFANTIL



• 1.-

CURSO 2021-2022
CEIP A RÚA
CANGAS

| | |
|--|--------|
| Introdución e contextualización | páx 2 |
| • 2.- Concreción e relacións curriculares para as tres áreas e niveis..... | páx 4 |
| • 3.- Procedementos e instrumentos de avaliación | páx 20 |
| • 4.- Metodoloxía | páx 43 |
| ▪ Principios metodolóxicos | |
| ▪ Principios de actuación docente | |
| ▪ Rutinas e actividades habituais na aula | |
| • 5.- Medidas para a atención á diversidade | páx 52 |
| • 6.- Materiais e recursos didácticos | páx 54 |
| • 7.- Temporalización e secuenciación..... | páx 56 |
| • 8.- Aportacións e contribución ás competencias clave | páx 58 |
| • 9.- Actividades extraescolares e complementarias | páx 58 |
| • 10.- Aplicacións dos plans e proxectos do centro | páx 60 |
| • 11.- Relacións coas familias e comunidade escolar | páx 61 |

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O noso centro, o CEIP a Rúa está situado na vila costeira de Cangas no suroeste de Galicia. Conta cunha poboación aproximada de 26.500 habitantes. Os seus motores económicos principais son a pesca e o sector servizos, no que destaca especialmente o turismo. O nivel económico, social e cultural das familias en xeral, é medio; estas colaboran co centro a través do Consello Escolar e a ANPA. O seu grao de participación e implicación nas actividades é moi alta,

dato que resulta moi favorecedor e enriquecedor para todo o proceso educativo.

Sitúase nun emprazamento xeográfico privilexiado, cunha grande riqueza ambiental e natural que fai posible empregar este recurso a nivel didáctico e permite unha actividade constante co medio: saídas, rutas pola contorna natural e paisaxística, porto pesqueiro, lonxa... aproveitando as numerosas festividades e a nosa riqueza histórica e cultural.

1.1. CARACTERÍSTICAS XERAIS DO CENTRO.

No Centro Educativo de Educación Infantil e Primaria, contamos con 3 unidades para o segundo ciclo de Educación Infantil e 6 unidades para Educación Primaria; cun horario de xornada continua (cumprindo os requisitos da Orde 29 de maio de 2008 sobre a xornada lectiva) e que conta con servizo de comedor, segundo o establecido no Decreto 10/2007 do 25 de xaneiro, e de transporte escolar, atendendo ao Real Decreto 443/2001 do 27 de abril.

No que se refire ás instalacións, contamos con catro espazos para Educación Infantil (tres aulas de referencia para os menos e nenas de tres, catro e cinco e unha aula de movemento); ademais de ximnasio, biblioteca, aula de música, aula de Audición e Linguaxe e de Pedagogía Terapéutica, seguindo o disposto no Real Decreto 132/2010 do 12 de febreiro polo que se establecen os requisitos mínimos.

Atendendo ao disposto no Decreto 374/1996., do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos centros de E.I e E.P e a O.22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento de escolas de E.I, e E. P; o equipo directivo está composto pola Directora, Xefa de estudos e a Secretaria; os órganos colexiados están formados polo Claustro e o Consello Escolar e, dentro deste constitúense a comisión de convivencia (D.8/2015 que desenvolve a lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa), a de biblioteca e a económica; os órganos de coordinación docente están formados polos Equipos de nivel, a Comisión de Coordinación Pedagóxica, o Equipo de Dinamización da Lingua Galega e o Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares, regulados ambos pola O. 17 de xullo de 2007 que regula a percepción do compoñente específico por función titorial e outras funcións. Tamén conta cun Departamento de Orientación (Decreto 120/1998, do 23 de abril polo que se regula a orientación educativa e profesional da nosa comunidade) constituído polo orientador, PT e AL.

1.2. CARACTERÍSTICAS XERAIS DO ALUMNADO.

A programación vai dirixida aos alumnos de 3, 4 e 5 anos sendo un total de 51 alumnos e alumnas na Etapa de Infantil. A maioría iniciaron a súa escolarización dende os 3 anos aínda que tamén temos alumnos e alumnas de recente incorporación (a aula de 5º conta cun neno novo e ade 6º cunha nena máis). Trátase de grupos heteroxéneos en canto a intereses, motivacións, nivel cognitivo, ritmos de aprendizaxe ...

En canto ás características xerais do alumnado. Os nenos e as nenas atópanse no período preoperacional (Piaget) no que están a afianzar a función simbólica, aprenden a través da experiencia, xogo e vivenciación e os seus argumentos están ligados á percepción. O seu pensamento presenta características particulares debido á etapa evolutiva, en proceso de superación, entre a que se atopan: egocentrismo, animismo, finalismo, fenomenismo...

Teñen un control motor groso bastante xeneralizado e as súas destrezas motoras finas en progresivo afianzamento. A súa linguaxe é similar ás estruturas lingüísticas dos adultos. A nivel socio-afectivo atópanse ao final do estadio do personalismo na que o neno e a nena busca afirmarse como individuo autónomo pero xa entrou totalmente na vida social, goza do xogo cooperativo e comeza a interiorizar condutas morais.

A lingua materna da maioría do alumnado é o castelán, e segundo o establecido no artigo 5º do Decreto 79/2010 do 20 de maio de plurilinguismo empregamos maioritariamente a lingua predominante na aula, sen esquecer o emprego da outra lingua oficial da nosa comunidade como é o galego. Para potenciar o galego o E. de Dinamización acordou a nivel de centro establecer un día da semana, "O Día G", para potenciar e dinamizar o uso e disfrute da nosa lingua a través das conversas e actividades que se leven a cabo nos diferentes espazos de aprendizaxe. Dende as aulas tamén se potenciará o seu uso a través de contos, dinámicas expresivo-comunicativas, xogos tradicionais, cantigas..

Con respecto ao tratamento dunha terceira lingua, neste caso o inglés, tamén se desenvolven numerosas actividades que implican unha aproximación á lingua estranxeira e que están integradas na vida xeral do centro.

2.- CONCRECIÓN E RELACIÓNS CURRICULARES:

Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, contribución as competencias clave e indicadores de logro

No centro contamos con tres aulas de referencia e cada unha delas inclúen en si mesmas diferentes ambiente, que son;

- Sensorial e experimentación (Ciencias e natureza)
- Tranquilidade
- Lóxico matemático
- de representación e comunicación.
- de construción
- xogo simbólico

A continuación establecemos a concreción dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación de cada un destes ambientes así como dos espazos como medio de xogo, experimentación e adquisición de autonomía

2.1 CONCRECIÓN DO EMPREGO DOS ESPAZOS

| ÁREA DE COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSONAL | | | | |
|---|---|--|------------------------------|--|
| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIA- CIÓN | C.C. | INDICADORES DE LOGRO |
| Bloque 1: O corpo e a propia imaxe. | | | | |
| <p>A1.a -Formarse unha autoimaxe positiva, identificando gradualmente as propias características, posibilidades e limitacións a través da interacción coas outras persoas, desenvolvendo sentimentos de autoestima e acadando maior autonomía persoal.</p> <p>A1.d -Manifestar unha actitude de superación das dificultades reforzando o sentimento de autoconfianza e sendo quen de solicitar axuda.</p> | <p>A1-B.1.3-Adquisición de confianza nas capacidades propias e potenciación do afán de superación.</p> <p>C-SMAP-B.1.9-Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.</p> <p>A1-B.2.4-Satisfacción polo crecente dominio persoal.</p> <p>A1-B.4.4-Petición e aceptación de axuda nas situacións que así o requiran.</p> | <p>A1.4- Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade, manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións.</p> | <p>CSIEE, CSC</p> | <p>5º-A1.4.2-Ten iniciativa e intenta executala.</p> <p>5º-A1.4.4-Confía nas posibilidades de acción e movemento. 5º-A1.4.3-Recoñece e acepta as súas características persoais. 5º-A1.4.1-Propónlle novas ideas ao grupo.</p> |
| <p>A1.a -Adquirir progresivamente a concepción de si mesmo como un ser autónomo e independente pero valorando a necesidade dos demais.</p> <p>A1.h -Amosar unha actitude de aceptación e respecto polas diferenzas individuais.</p> | <p>A1-B.1.11-Observación dos cambios físicos nas persoas ao longo do tempo. Identificación das diferentes etapas da vida, valorándoas positivamente.</p> <p>A1-B.1.12-Aceptación da identidade e características das demais persoas, respectando e valorando positivamente as diferenzas e evitando actitudes discriminatorias.</p> <p>A1-B.1.14-Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado feminino e masculino. Mantendo unha actitude crítica ante os estereotipos ofertados a través da publicidade e outros medios de comunicación social.</p> | <p>A1.5-Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade.</p> | <p>CCL CSC CSIEE</p> | <p>5º-A1.5.3-Identifica as características do seu sexo e participa en xogos, actividades... independentemente do xénero.</p> <p>5º-A1.5.1-Identifica características diferentes nun compañeiro ou nunha compañeira e adopta posturas non discriminatorias.</p> <p>5º-A1.5.2-Describe diferenzas e semellanzas entre persoas.</p> |

PROGRAMACIÓN ANUAL DE CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

CEIP A RÚA - CURSO 2021- 2022

| | | | | |
|---|--|---|--------------------------------------|---|
| <p>A1.c -Identificar os propios sentimentos e emocións, necesidades e preferencias, ser quen de expresalos e comunicalos e identificar tamén os das outras persoas. A1.a - Adquirir progresivamente a concepción de si mesmo como un ser autónomo e independente pero valorando a necesidade dos demais.</p> | <p>A1-B.1.4-Control progresivo dos propios sentimentos e emocións. A1-B.1.8-Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas. A1-B.1.18-Vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.</p> | <p>A1.6-Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender os das demais persoas.</p> | <p>CSIEE CCL CSC</p> | <p>5º-A1.6.2-Presta axuda aos compañeiros cando os ve en apuros. 5º-A1.6.3-Expresa e identifica nel/a mesmo/a diferentes estados de ánimo. 5º-A1.6.1-Progresa no control dos seus sentimentos e emocións.</p> |
| <p>Bloque 2: Xogo e movemento.</p> | | | | |
| <p>A1.b -Acadar cada vez unha maior precisión de xestos e movementos.</p> | <p>A1-B.2.12-Aceptación do xogo como medio de disfrute e de relación cos demais.</p> | <p>A1.7 - Participar en xogos, mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas.</p> | <p>CSIEE CCL CSC</p> | <p>5º-A1.7.2-Coordina a súa acción coa das demais compañeiras e compañeiros cando o xogo o require.</p> |
| <p>A1.e - Adecuar o propio comportamento ás necesidades ou requirimentos das outras persoas, desenvolvendo actitudes e hábitos</p> | <p>A1-B.2.1-Participación nos xogos e na actividade motriz, amosando actitudes de constancia. A1-B.2.2-Gozo co xogo como medio para coñecer a realidade,</p> | <p>A1.8-Participar en xogos e actividades colectivas aceptando as normas que os rexen.</p> | <p>CSC CSIEE CCL</p> | <p>5º-A1.8.1-Intégrase en xogos e actividades de grupo, cooperando cos demais nenos e nenas.</p> |
| <p>de respecto, axuda e colaboración e evitando a adopción de comportamentos de submisión ou dominio. A1.i - Coñecer e vivir o xogo como medio que favorece o desenvolvemento humano, a manifestación de emocións, a aceptación de regras, a aceptación propia, o respecto ós demais, e a seguridade persoal.</p> | <p>mantendo unha actitude de axuda e cooperación con iguais e con adultos. Aceptación do xogo como medio de disfrute e de relación cos demais. A1-B.2.5-Comprensión, aceptación e valoración de regras para xogar. A1-B.2.13-Fortalecemento de vínculos afectivos: amizade, cooperación, axuda, solidariedade,.. a través do xogo.</p> | | | <p>5º-A1.8.2-Acepta as regras dos xogos. 5º-A1.8.3-Propón libremente xogos novos. 5º-A1.8.5-Respecta aos compañeiros e compañeiras e persoas adultas.</p> |
| <p>Bloque 3: A actividade cotiá.</p> | | | | |
| <p>A1.d -Tomar a iniciativa, planificar e secuenciar a propia acción para realizar tarefas sinxelas ou resolver problemas da vida cotiá. A1.g - Progresa na adquisición de hábitos de orde, constancia e</p> | <p>A1-B.2.8-Aceptación de compromisos, establecendo acordos en consideración á súa persoa, ás outras e ao seu medio, fortalecendo vínculos afectivos: amizade, cooperación, axuda, solidariedade...a través do xogo. A1-B.3.4-Regulación do propio comportamen-</p> | <p>A1.9-Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.</p> | <p>CSIEE CSC CCL CAA</p> | <p>5º-A1.9.2-Organízase de acordo coas súas posibilidades. 5º-A1.9.7-Amosa unha actitude positiva ante as propostas de actividade. 5º-A1.9.3-Acepta ter que esperar a súa quenda.</p> |

PROGRAMACIÓN ANUAL DE CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

CEIP A RÚA - CURSO 2021- 2022

| | | | | |
|---|---|--|----------------------|--|
| <p>planificación no desenvolvemento das tarefas.</p> | <p>to. A1-B.3.1-Satisfacción pola realización de tarefas e conciencia de propia competencia. A1-B.3.2-Interese por participar en actividades da vida cotiá, con iniciativa e progresiva autonomía na súa realización para camiñar cara a resolución pacífica de conflitos. A1-B.3.3-Hábitos elementais de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo. A1-B.3.6-Valoración e gusto polo traballo propio ben feito e polo das demais persoas, buscando os recursos axeitados que lle permitan concluír os proxectos que inicia, sendo quen de solicitar e prestar axuda. A1-B.3.7-Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións.</p> | | | <p>5º-A1.9.5-Acepta os seus erros e procura mellorar a súa actuación. 5º-A1.9.6-Amósase constante na súa actividade. 5º-A1.9.4-Fai propostas de actividades para realizar. 5º-A1.9.1-Soluciona pequenos problemas da vida cotiá. 5º-A1.9.9-Participa na planificación e desenvolvemento dos proxectos de investigación na aula. 5º-A1.9.8-Remata as tarefas e actividades que empeza, seguindo as estratexias acordadas.</p> |
| <p>Bloque 4: O coidado persoal e a saúde.</p> | | | | |
| <p>A1.f - Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionados coa seguridade, a hixiene, alimentación e o fortalecemento da saúde, apreciando e gozando das situacións cotiás de benestar.</p> | <p>A1-B.4.2-Iniciación na práctica de accións e recoñecemento de situacións que favorezan a interacción e adquisición de hábitos saudables como a hixiene corporal e ambiental, a adecuada alimentación, o consumo responsable e o descanso. A1-B.4.7-Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados. A1-B.4.1-Recoñecemento das necesidades básicas do corpo- hixiene, alimentación, descanso.. A1-B.4.5-Comprensión da necesidade das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.</p> | <p>A1.10-Manifestar hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.</p> | <p>CSIEE CCL</p> | <p>5º-A1.10.1-Ao rematar unha actividade (individualmente e en equipo), colabora para ordenar o material. 5º-A1.10.2-Ten autonomía nas accións encamiñadas á satisfacción das necesidades básicas: a alimentación, a hixiene e o coidado propio do seu contorno.</p> |

PROGRAMACIÓN ANUAL DE CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

CEIP A RÚA - CURSO 2021- 2022

| ÁREA DE COÑECEMENTO DO CONTORNO | | | | |
|---|--|---|------------------------------|---|
| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIA- CIÓN | C.C. | INDICADORES DE LOGRO |
| Bloque 1: Cultura e vida en sociedade | | | | |
| <p>A2.d - Relacionarse cos outros, de forma cada vez máis equilibrada e satisfactoria, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social.</p> <p>A2.e -Coñecer e respectar as características, valores e formas de vida dos grupos sociais máis próximos á súa experiencia e identificarse como membro do mundo, respectando as diferencias dos outros.</p> <p>A2.f -Establecer relacións de confianza, afecto, comprensión e pertenza, baseadas no respecto ás persoas, ás normas e valores da sociedade á que pertencen.</p> | <p>A2-B.3.1-Identificación da familia e da escola como primeiros grupos sociais de pertenza, valorando positivamente as relacións afectivas que neles se establecen, mantendo unha actitude de colaboración e asumindo pequenas responsabilidades.</p> <p>A2-B.3.2-Recoñecemento e respecto dos diferentes tipos de familias.</p> <p>A2-B.3.5-Colaboración co resto de compañeiros e compañeiras na vida da aula, amosando disposición para compartir e resolver conflitos. Incorporación progresiva de pautas adecuadas de comportamento.</p> | <p>A2.9-Identificar e coñecer os grupos sociais máis significativos do contorno do alumnado e algunhas características da súa organización.</p> | <p>CSC CSIEE CCL</p> | <p>5º-A2.9.1-Busca a seguridade das persoas adultas próximas e desenvolve empatía e hábitos cooperativos cos iguais.</p> <p>5º-A2.9.4-Colabora co resto de compañeiros e compañeiras na vida da aula, chegando a acordos.</p> <p>5º-A2.9.5-Propón xogos e xoga cos compañeiros e compañeiras chegando a acordos,</p> <p>5º-A2.9.7-Amósase conciliador cando xorde un conflito.</p> <p>5º-A2.9.8-Nomea os membros da súa familia (parentescos lonxanos) e as relacións existentes entre eles.</p> <p>5º-A2.9.3-Acepta, respecta e participa na elaboración das normas de funcionamento da aula e adapta o seu comportamento ás regras en diferentes contextos.</p> <p>5º-A2.9.9- Asume as responsabilidades que lle son asignadas polo mestre ou dentro dos equipos.</p> |

CONCRECIÓN AMBIENTE DA TRANQUILIDADE

| ÁREA DE COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSONAL | | | | |
|--|---|--|------------------------------|---|
| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIA- CIÓN | C.C. | INDICADORES DE LOGRO |
| Bloque 1: O corpo e a propia imaxe. | | | | |
| <p>A1.c -Identificar os propios sentimentos e emocións, necesidades e preferencias, ser quen de expresalos e comunicalos e identificar tamén os das outras persoas.</p> <p>A1.a - Adquirir progresivamente a</p> | <p>A1-B.1.4-Control progresivo dos propios sentimentos e emocións.</p> <p>A1-B.1.8-Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.</p> <p>A1-B.1.18-Vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.</p> | <p>A1.6-Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender os das demais persoas.</p> | <p>CSIEE CCL CSC</p> | <p>5º-A1.6.2-Presta axuda aos compañeiros cando os ve en apuros.</p> <p>5º-A1.6.3-Expresa e identifica nel/a mesmo/a diferentes estados de ánimo.</p> <p>5º-A1.6.1-Progresa no control dos seus sentimentos e emocións.</p> |

PROGRAMACIÓN ANUAL DE CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

CEIP A RÚA - CURSO 2021- 2022

| | | | | |
|--|--|--|--|--|
| concepción de si mesmo como un ser autónomo e independente pero valorando a necesidade dos demais. | | | | |
|--|--|--|--|--|

| ÁREA DE LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN | | | | |
|---|---|---|-----------------------------------|---|
| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | C.C. | INDICADORES DE LOGRO |
| Bloque 1: Linguaxe verbal. | | | | |
| A3.a - Utilizar as diversas linguaxes para comunicar, expresar ideas e sentimentos, para aprender e como fonte de desfrute. | A3-B.1.1-Utilización e valoración progresiva da lingua oral para evocar e relatar feitos, para adquirir coñecementos, para expresar e comunicar ideas, sentimentos e emocións, para facer peticións e como mecanismo para regular a propia conducta e a das demais. | A3.1-Utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva con iguais e con persoas adultas, segundo as intencións comunicativas. | CSC, CCL | 5º-A3.1.1-Expresa con espontaneidade e coherencia emocións, sentimentos e vivencias, empregando con precisión o vocabulario que posúe e incorporando palabras novas. |
| A3.g - Achegarse á lingua escrita a través de diferentes tipos de textos. | A3-B.1.8-Achegamento á lingua escrita como medio de comunicación, información e gozo a través de soportes diferentes. A3-B.1.13-Escoita e comprensión da lectura en voz alta, nas dúas linguas oficiais, e como fonte de pracer e aprendizaxe compartida. | A3.4-Amosar interese polos textos escritos presentes na aula e no contorno próximo, iniciándose no seu uso e na comprensión das súas finalidades. | CCL CMCT CSC CCEC CAA | 5º-A3.4.2-Recoñece (de forma básica) a funcionalidade dos diferentes tipos de textos: enumerativos (localizar informacións concretas), como carteis, listas , prescriptivos (regular a acción para a consecución dalgún obxectivo), como receitas de cociña, regras de xogo , prescriptivos (formato, estrutura, modo de lectura.), informativos (localizar e obter información) e expositivos (comprender ou transmitir novos coñecementos), como biografías, libros de consulta... 5º-A3.4.4-Solicita que lle lean para obter información, preguntando o significado das palabras presentes no seu arredor (carteis, revistas, libros de consulta). |
| A3.g - Achegarse á lingua escrita a través de diferentes tipos de textos | A3-B.1.17-Interese por compartir interpretacións, sensacións, emocións e opinións provocadas polas producións literarias, iniciándose nos faladoiros literarios así como en diálogos filosóficos. | A3.6-Gozar compartindo a escoita e a lectura en voz alta de textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas... | CCL CSC CCEC | 5º-A3.6.3-Recoñece a funcionalidade dos textos literarios (entretemento e diversión), como contos, lendas, poesías. |
| A3.i - Facer uso axeitado da biblioteca, desenvolvéndose con autonomía neste espazo e valo- | A3-B.1.9-Interese e atención na escoita de narracións e instrucións lidas por outras persoas. | A3.7-Utilizar a biblioteca con respecto e coidado, valorándoa como recurso | CCL CSC | 5º-A3.7.1-Emprega o sistema de organización de libros da biblioteca. 5º-A3.7.2-Gústalle mirar e "ler" libros autonomamente. |

PROGRAMACIÓN ANUAL DE CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

CEIP A RÚA - CURSO 2021- 2022

| | | | | |
|--|---|--------------------------------------|-------------|--|
| rando a súa importancia como fonte de información e de pracer. | A3-B.1.18-Introducción ó uso das bibliotecas de centro e de aula como un medio máis de aproximación á literatura e como fonte de diversión e coñecemento. | informativo, de entretemento e gozo. | CCEC CAA | 5º-A3.7.4-Coida e respecta as normas da biblioteca da aula. 5º-A3.7.3-Emprega o sistema de rexistro de préstamos de libros da biblioteca. |
|--|---|--------------------------------------|-------------|--|

CONCRECCIÓN AMBIENTE SENSORIAL

| ÁREA DE COÑECEMENTO DO CONTORNO | | | | |
|---|---|---|-----------------------------|--|
| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | C.C. | INDICADORES DE LOGRO |
| Bloque 1: Medio físico: elementos, relacións e medida. | | | | |
| A2.a - Observar e explorar de forma activa o seu contorno, xerando interpretacións sobre algunhas situacións significativas e amosando interese polo seu coñecemento. | A2-B.1.1-Interese pola exploración e clasificación de obxectos presentes no medio, recoñecendo as súas funcións e usos cotiáns. A2-B.1.2-Recoñecemento dalgúns atributos e propiedades de obxectos e de materiais, e da súa aplicación na vida diaria. | A2.1-Explorar os obxectos e elementos do contorno inmediato e actuar sobre eles. Recoñecer os seus atributos e cualidades. Agrupar, clasificar e ordenar estes elementos e coleccións segundo distintos criterios. | CMCT CCL CSIEE | 5º-A2.1.2-Experimenta cos obxectos e materiais para obter información e observar as reaccións, describindo algúns dos seus atributos. 5º-A2.1.4-Agrupar e clasifica os obxectos atendendo a diferentes atributos e criterios de clasificación., empregando diferentes criterios sucesivamente (cor, tamaño..). |
| A2.c -Formular hipóteses, buscando respostas e explicacións, para anticipar probables efectos que poderían producirse como consecuencia de situacións da vida diaria e dalgúns experimentos realizados. | A2-B.1.8-Proposición e resolución de situacións problemáticas sinxelas da vida cotiá. A2-B.1.10-Investigación do comportamento físico de materiais e obxectos en diferentes situacións e con variadas accións. A2-B.1.11-Achegamento a algunhas magnitudes físicas (manipulables) a través da estimación: comparando, sopesando, observando. A2-B.1.12-Recoñecemento e identificación de situacións en que se fai necesario medir. Interese e curiosidade polos instrumentos de medida convencionais e non convencionais facendo unha aproximación ao seu uso. A2-B.1.20-Aproximación á utilización de sistemas de medición convencionais (pesas, regras, termómetros...) | A2.3-Propoñer e resolver problemas sinxelos relacionados con situacións cotiáns, empregando e comparando magnitudes de peso, lonxitude e capacidade. | CMCT CCL CSIEE CAA | 5º-A2.3.2-Realiza estimacións de medidas de capacidades, lonxitude e tempo (comparando, sopesando, observando,...) 5º-A2.3.3-Emprega medidas arbitrarias de capacidade (mans, cuncas, botellas,...) para resolver situacións problemáticas, ordenando os resultados de máis a menos. 5º-A2.3.1-Busca estratexias para resolver situacións problemáticas. 5º-A2.6.1-Iniciouse no emprego, en situacións significativas, de sistemas de medición convencional, como regras, termómetros, pesas... |

PROGRAMACIÓN ANUAL DE CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

CEIP A RÚA - CURSO 2021- 2022

| Bloque 2: Achegamento á natureza | | | | |
|--|---|--|--------------------------------------|---|
| <p>A2.c - Comprender que o contorno está sometido a cambios, relacionados cos factores que producen, verificando se as hipóteses feitas sobre os cambios no contorno se adecúan á realidade ou non, a través de investigacións sobre o mesmo. A2.b - Desenvolver actitudes de coidado, respecto e corresponsabilidade para a conservación do contorno.</p> | <p>A2-B.2.1-Identificación e afondamento no estudo dalgunhas características e funcións vitais dos seres vivos empregando a exploración sensorial. A2-B.2.2-Observación dun ser vivo no seu medio natural ou reproducindo o medio natural, rexistrando a observación e contrastando os datos. A2-B.2.3- Curiosidade, respecto e coidado cara aos elementos do medio natural, especialmente animais e plantas. A2-B.2.4-Descubrimento das diferentes formas en que se atopa a auga na natureza, comprendendo a súa contribución o desenvolvemento dos seres vivos e do medio, valorando a necesidade da súa conservación e de facer un uso responsable dela. A2-B.2.5-Gozo ó realizar actividades individuais e de grupo en contacto coa natureza. A2-B.2.6-Valoración da importancia da natureza para a saúde e o benestar.</p> | <p>A2.7-Dar mostras por interese polo medio natural e os seus cambios. Identificar e nomear algúns dos seus compoñentes, establecendo relacións sinxelas de interdependencia. Manifestar actitudes de coidado e de respecto cara á natureza e participar en actividades para conservala.</p> | <p>CCL CSIEE CAA CAA</p> | <p>5º-A2.7.3-Rexistra con debuxos, esquemas, gráficos e escrituras convencionais ou non o observado ou experimentado. 5º-A2.7.2-Identifica e aplica na súa vida normas básicas para a conservación do contorno, valorando criticamente as accións humanas que contaminan e danan o medio ambiente. 5º-A2.7.1-Contrasta as súas hipótesis coas das outras persoas antes de tentar verificalas coa súa realización.</p> |
| <p>A2.c-Comprender que o contorno está sometido a cambios, relacionados cos factores que producen, verificando se as hipóteses feitas sobre os cambios no contorno se adecúan á realidade ou non, a través de investigacións sobre o mesmo.</p> | <p>A2-B.2.4-Observación e identificación dalgunhas características, necesidades e cambios nos procesos de crecemento e etapas do desenvolvemento das persoas e outros seres vivos.</p> | <p>A2.8-Identificar e recoñecer as diferentes etapas da vida das persoas e outros seres vivos.</p> | <p>CSIEE CCL</p> | <p>5º-A2.8.1-Identifica que os seres vivos (persoas, animais e plantas) seguen un ciclo vital: nacen, medran, reproducense e morren. 5º-A2.8.2-Identifica as necesidades nas etapas de desenvolvemento das persoas e doutros seres vivos (alimentación, hixiene,...) e describe as súas características físicas.</p> |

| ÁREA DE COÑECEMENTO DO CONTORNO | | | | |
|--|-----------------|--------------------------------|-------------|-----------------------------|
| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | C.C. | INDICADORES DE LOGRO |
| Bloque 3: Cultura e vida en sociedade | | | | |

PROGRAMACIÓN ANUAL DE CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

CEIP A RÚA - CURSO 2021- 2022

| | | | | |
|--|--|---|------------------------------|--|
| <p>A2.d - Relacionarse cos outros, de forma cada vez máis equilibrada e satisfactoria, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social.</p> <p>A2.e -Coñecer e respectar as características, valores e formas de vida dos grupos sociais máis próximos á súa experiencia e identificarse como membro do mundo, respectando as diferencias dos outros.</p> | <p>A2-B.3.5-Colaboración co resto de compañeiros e compañeiras na vida da aula, amosando disposición para compartir e resolver conflitos. Incorporación progresiva de pautas adecuadas de comportamento.</p> | <p>A2.9-Identificar e coñecer os grupos sociais máis significativos do contorno do alumnado e algunhas características da súa organización.</p> | <p>CSC CSIEE CCL</p> | <p>5º-A2.9.5-Propón xogos e xoga cos compañeiros e compañeiras chegando a acordos,</p> <p>5º-A2.9.7-Amósase conciliador cando xorde un conflito.</p> |
|--|--|---|------------------------------|--|

CONCRECIÓN AMBIENTE LÓXICO MATEMÁTICO E CONSTRUCCIÓN

| ÁREA DE COÑECEMENTO DO CONTORNO | | | | |
|--|---|--|------------------------------------|---|
| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | C.C. | INDICADORES DE LOGRO |
| Bloque 1: Medio físico: elementos, relacións e medida. | | | | |
| A2.a - Observar e explorar de forma activa o seu contorno, xerando interpretacións sobre algunhas situacións significativas, e amosando interese polo seu coñecemento. | A2-B.1.1-Interese pola exploración e clasificación de obxectos presentes no medio, recoñecendo as súas funcións e usos cotiáns. A2-B.1.2-Recoñecemento dalgunhs atributos e propiedades de obxectos e de materiais, e da súa aplicación na vida diaria. A2-B.1.3-Aproximación á cuantificación de coleccións. | A2.1-Explorar os obxectos e elementos do contorno inmediato e actuar sobre eles. Recoñecer os seus atributos e cualidades. Agrupar, clasificar e ordenar estes elementos e coleccións segundo distintos criterios. | CMCT CCL CSIEE | 5º-A2.1.2-Experimenta cos obxectos e materiais para obter información e observar as reaccións, describindo algúns dos seus atributos. 5º-A2.1.3-Fai agrupacións de obxectos atendendo a unha determinada cantidade. 5º-A2.1.4-Agrupa e clasifica os obxectos atendendo a diferentes atributos e criterios de clasificación., empregando diferentes criterios sucesivamente (cor, tamaño..). 5º-A2.1.5-Fai comparacións a partir de semellanzas e diferenzas, enumerando as diferenzas e semellanzas. 5º-A2.1.1-Realiza series sinxelas seguindo un ou varios criterios dados. |
| A2.h - Avanzar no dominio das habilidades matemáticas, establecendo relacións de agrupamentos e clasificación, orde e cuantificación. | A2-B.1.6-Emprego dos números para identificar, contar, clasificar, numerar, informarse e ordenar elementos da realidade en situacións contextualizadas e significativas. A2-B.1.7-Utilización da acción de contar como estratexia para a obtención dun dato numérico e como verificación do resultado de operacións de cálculo sinxelas e funcionais. A2-B.1.5-Recoñecemento do uso número na vida diaria e inicio no rexistro de cantidades. A2-B.1.9-Utilización de xogos de mesa como actividades lúdicas que unen o razoamento, a reflexión e o divertimento en grupo. | A2.2-Empregar os números para identificar, contar, clasificar, informarse e ordenar elementos da realidade, aproximándose ao seu valor notacional e conceptual. | CMCT CCL CSIEE CSC CAA | 5º-A2.2.1-Identifica os diferentes usos e funcións dos números, facendo uso dos mesmos en situacións funcionais e cun valor notacional en actividades como: realización dunha axenda de teléfonos, matrícula dos coches, calendario. 5º-2.2.2-Coñece a serie numérica e escribe algúns números convencionalmente. 5º-A2.2.3-Emprega a acción de contar como estratexia para a obtención dun dato numérico e represéntaos empregando diferentes estratexias. 5º-A2.2.4-Ordena coleccións polo número de elementos que ten, de maior a menor e emprega os cuantificadores máis, menos igual. 5º-A2.2.5-Resolve manipulativamente problemas e situa- |

PROGRAMACIÓN ANUAL DE CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

CEIP A RÚA - CURSO 2021- 2022

| | | | | |
|---|--|--|--|--|
| | | | | <p>cións problemáticas concretas relacionados coa súa vida diaria que implican a aplicación de operacións de cálculo sinxelas como facer reparticións ou localizando cantidades e empregando cálculos mentais sinxelos se é preciso</p> |
| <p>A2.c -Formular hipóteses, buscando respostas e explicacións para anticipar probables afectos que poderían producirse como consecuencia de situacións da vida diaria e dalgúns experimentos realizados.</p> | <p>A2-B.1.8-Proposición e resolución de situacións problemáticas sinxelas da vida cotiá. A2-B.1.10-Investigación do comportamento físico de materiais e obxectos en diferentes situacións e con variadas accións. A2-B.1.11-Achegamento a algunhas magnitudes físicas (manipulables) a través da estimación: comparando, sopesando, observando. A2-B.1.12-Recoñecemento e identificación de situacións en que se fai necesario medir. Interese e curiosidade polos instrumentos de medida convencionais e non convencionais facendo unha aproximación ao seu uso. A2-B.1.20-Aproximación á utilización de sistemas de medición convencionais (pesas, regras, termómetros,...).</p> | <p>A2.3-Propoñer e resolver problemas sinxelos relacionados con situacións cotiás, empregando e comparando magnitudes de peso, lonxitude e capacidade.</p> | <p>CMCT CCL CSIEE CAA</p> | <p>5º-A2.3.2-Realiza estimacións de medidas de capacidade, lonxitude e tempo (comparando, sopesando, observando,...) 5º-A2.3.3-Emprega medidas arbitrarias de capacidade (mans, cuncas, botellas,...) para resolver situacións problemáticas, ordenando os resultados de máis a menos. 5º-A2.3.1-Busca estratexias para resolver situacións problemáticas. 5º-A2.6.1-Iniciouse no emprego, en situacións significativas, de sistemas de medición convencional, como regras, termómetros, pesas...</p> |

PROGRAMACIÓN ANUAL DE CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

CEIP A RÚA - CURSO 2021- 2022

| | | | | |
|--|---|---|-------------------------------|--|
| <p>A2.h -Avanzar no dominio das habilidades matemáticas, establecendo relacións de agrupamentos e clasificación, orde e cuantificación.</p> | <p>A2-B.1.4-Identificación de formas planas e tridimensionais en elementos do contorno. A2-B.1.19-Exploración lúdica das propiedades e características dalgúns corpos xeométricos.</p> | <p>A2.4-Recoñecer algúns aspectos xeométricos básicos: liñas, puntos, rectángulos, cadrados, triángulos, círculos, esferas, cubos e prismas.</p> | <p>CMCT CSIEE CCL</p> | <p>5º-A2.4.1-Recoñece aspectos xeométricos das figuras xeométricas: rectángulos, cadrados, triángulos, círculos (lados, forma,...) e da liña e o punto. 5º-A2.4.2-Recoñece e representa algunhas figuras xeométricas: rectángulo, cadrado, círculo, triángulo. 5º-A2.4.3-Localiza as figuras xeométricas e formas presentes no elementos do seu contorno.</p> |
| <p>A2.i - Empregar o coñecemento matemático para interpretar a vida en clave de lóxica comprendendo e resolvendo problemas: establecendo relacións, explorando, ordenando, comparando, cuantificando, medindo, pesando,...</p> | <p>A2-B.1.15-Establecemento de relacións de orientación espacial de localización, dirección, distancia e posición respecto a obxectos, persoas e lugares, empregando o vocabulario topolóxico elemental. A2-B.1.17-Vivencia, representación e interpretación do espazo, empregando a imaxinación en debuxos, planos, fotografías, mapas,...</p> | <p>A2.5-Describir e representar dun xeito elemental a situación das propias nenos e nenos en relación a obxectos e as demais persoas usando vocabulario topolóxico elemental.</p> | <p>CMCT CCL CSIEE</p> | <p>5º-A2.5.1-Coloca os obxectos e persoas, localízalos e verbaliza a súa posición empregando as nocións: diante-de-trás, preto-lonxe, dentro-fóra, arriba-abaxo, a un lado e a outro lado, antes de, despois de, entre. 5º-A2.5.2-Localiza aproximadamente nun plano lugares significativos. 5º-A2.5.3-Representa os espazos nos que se desenvolve (plano da aula, plano do centro, itinerarios,...), empregando debuxos, fotografías, planos,</p> |

ÁREA DE COÑECEMENTO DO CONTORNO

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | C.C. | INDICADORES DE LOGRO |
|---|---|--|---------------------------------------|---|
| Bloque 1: Medio físico: elementos, relacións e medida. | | | | |
| <p>A2.i -Empregar o coñecemento matemático para interpretar a vida en clave de lóxica comprendendo e resolvendo problemas: establecendo relacións, explorando, ordenando, comparando, cuantificando, medindo, pesando,...</p> | <p>A2-B.1.18-Secuencia temporalmente feitos significativos vivenciados. A2-B.1.13-Adquisición progresiva da noción do paso do tempo mediante as actividades da vida cotiá. A2-B.1.14-Orientación temporal en situacións cotiás empregando diferentes nocións e relacións. A2-B.1.16-Aproximación ó uso do calendario.</p> | <p>A2.6-Usar e comprender nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa vida.</p> | <p>CMCT CCL CSIEE CAA</p> | <p>5º-A2.6.3-Ordena temporalmente as súas descrições utilizando correctamente as nocións: onte, hoxe, mañá. 5º-A2.6.2-Capta a periodicidade e asocia tempos horarios con determinadas accións e situacións asociadas á súa actividade (saída ao recreo, xantar, durmir...), anticipando e recordando unha secuencia de eventos. 5º-A2.6.5-Diferenza os días da semana en relación coas actividades que se fan habitualmente, ordenando as accións máis relevantes que se fan ó longo do día. 5º-A2.6.6-Secuencia 4 escenas atendendo a un criterio dado 5º-A2.6.7-Diferenza as nocións temporais de: antes-despois-agora, pola mañá, pola tarde, pola noite. 5º-A2.6.4-Relaciona feitos concretos cunha determinada</p> |

PROGRAMACIÓN ANUAL DE CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

CEIP A RÚA - CURSO 2021- 2022

| | | | | |
|---|---|---|----------------------------|--|
| | | | | época do ano (estacións do ano), explicando as súas características. |
| Bloque 2: Achegamento á natureza | | | | |
| A2.c - Comprender que o contorno está sometido a cambios, relacionados cos factores que os producen, verificando se as hipóteses feitas sobre os cambios no contorno se adecúan á realidade ou non, a través de investigacións sobre o mesmo. A2.b - Desenvolver actitudes de coidado, respecto e corresponsabilidade para a conservación do contorno. | A2-B.2.5-Curiosidade, respecto e coidado cara aos elementos do medio natural, especialmente animais e plantas. A2-B.2.8-Formulación de hipóteses, contrastándoas coas das outras persoas, buscando respostas e explicacións sobre as causas e consecuencias de fenómenos do medio natural e dos producidos pola acción humana. A2-B.2.7-Valoración da importancia da natureza para a saúde e o benestar. A2-B.2.10-Participación en proxectos e investigacións no medio natural, expresando os resultados mediante distintas representacións. A2-B.2.11-Os axentes atmosféricos, a súa representación e relación cos cambios na natureza. | A2.7-Dar mostras por interesarse polo medio natural e os seus cambios. Identificar e nomear algúns dos seus compoñentes, establecendo relacións sinxelas de interdependencia. Manifestar actitudes de coidado e de respecto cara á natureza e participar en actividades para conservala. | CCL CSIEE CAA CAA | 5º-A2.7.4-Fai preguntas sobre obxectos, situacións, persoas e fenómenos, formula hipóteses e expresa as súas observacións, con linguaxe verbal e non verbal. 5º-A2.7.5-Participa nos proxectos e pequenas investigacións que se fan na aula, anticipando as distintas fases do mesmo. 5º-A2.7.2-Identifica e aplica na súa vida normas básicas para a conservación do contorno, valorando criticamente as accións humanas que contaminan e danan o medio ambiente. 5º-A2.7.1-Contrasta as súas hipóteses coas das outras persoas antes de tentar verificalas coa súa realización. |
| Bloque 3: Cultura e vida en sociedade | | | | |
| A2.d- Relacionarse cos outros, de forma cada vez mais equilibrada e satisfactoria, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social. A2. E. - Coñecer e respectar as características, valores e formas de vida dos grupos sociais máis próximos á súa experiencia e identificarse como membro do mundo, respectando as diferencas dos outros. A2.F- Establecer relacións de confianza, afecto, comprensión... | A2-B3.1 Identificación da familia e da escola como primeiros grupos sociais de pertenza, valorando positivamente as relacións afectivas que nel se establecen, mantendo unha actitude de colaboración e asumindo pequenas responsabilidades. A2.B.3.2 – Recoñecemento e respecto dos diferentes tipos de familias. A2-B.3.5-Colaboración co resto de compañeiros e compañeiras na vida da aula, amosando disposición para compartir e resolver conflitos. Incorporación progresiva de pautas adecuadas de comportamento. | A2.9- Identificar e coñecer os grupos sociais máis significativos do contorno do alumnado e algunhas características da súa organización. | CSC, CSI, EE, CCL | 5º-A2.9.7-Amósase conciliador cando xorde un conflito. 5º-A2.9.8-Nomea os membros da súa familia (parentescos lonxanos) e as relacións existentes entre eles. 5º-A2.9.2-Conta cousas das súas experiencias e transmite mensaxes da escola á casa e da casa á escola (contando, por nota...). 5º-A2.9.3-Acepta, respecta e participa na elaboración das normas de funcionamento da aula e adapta o seu comportamento ás regras en diferentes contextos. 5º-A2.9.9-Asume as responsabilidades que lle son asignadas polo mestre ou dentro dos equipos. |

PROGRAMACIÓN ANUAL DE CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL
CEIP A RÚA - CURSO 2021- 2022

AMBIENTE DE REPRESENTACIÓN E COMUNICACIÓN

| ÁREA DE LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN | | | | |
|---|---|---|--------------------|---|
| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | C.C. | INDICADORES DE LOGRO |
| Bloque 1: Linguaxe verbal. | | | | |
| CC.7 | 4º-CC.7.3 - É respetuoso/a co medio no que vive. | N2 | X | X | X | 4 % | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase. | CMCT, CSIEE, CCL |
| CC.8 | 4º-CC.8.1 - Identifica que os seres vivos cambian co paso do tempo, incluídas as persoas | N2 | | | X | 0.34 % | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba de interpretación de datos. | CSIEE |
| CC.9 | 4º-CC.9.1 - Nas saídas, móstrase prudente e evita situacións de perigo. | N3 | | X | X | 0.34 % | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase. | CSIE, CCL, CSC |
| CC.9 | 4º-CC.9.2 - Nomea os membros da súa familia. | N1 | X | | | 0.34 % | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asamblea. | CSIE, CCL, CSC |
| CC.9 | 4º-CC.9.4 - Coñece as persoas do seu marco social e os seus nomes. | N1 | X | X | X | 0.34 % | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asamblea. | CSIE, CCL, CSC |
| CC.9 | 4º-CC.9.5 - Conta cousas das súas experiencias familiares. | N1 | X | X | X | 0.34 % | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asamblea. | CSIE, CCL, CSC |

PROGRAMACIÓN ANUAL DE CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL
CEIP A RÚA - CURSO 2021- 2022

| | | | | | | | | |
|-------|--|----|---|---|---|--------|---|----------------|
| CC.9 | 4º-CC.9.6 - Busca a relación coa persona docente para: contarlle as súas cousas, vivencias, pedir axuda e pedir ou comprobar información sobre temas diversos. | N1 | X | X | X | 10 % | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Diario de clase. Asamblea. | CSIE, CCL, CSC |
| CC.9 | 4º-CC.9.7 - Coñece as rutinas da aula. | N2 | X | X | X | 4.66 % | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase. | CSIE, CCL, CSC |
| CC.9 | 4º-CC.9.9 - Amósase conciliador/a cando xorde un conflito. | N3 | | | X | 0.34 % | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase. | CSIE, CCL, CSC |
| CC.9 | 4º-CC.9.10 - Colabora co resto de compañeiros e compañeiras na vida da aula. | N2 | X | X | X | 10 % | PROCEDEMENTOS: Gravacións e análise. Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Gravación e análise. Rexistro anecdótico (anecdótico). | CSIE, CCL, CSC |
| CC.9 | 4º-CC.9.11 - Gústalle compartir xogos cos compañeiros e compañeiras. | N3 | X | X | X | 10 % | PROCEDEMENTOS: Gravacións e análise. Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Gravación e análise. Diario de clase. | CSIE, CCL, CSC |
| CC.9 | 4º-CC.9.12 - Asume as responsabilidades que lle son asignadas. | N3 | | | X | 0.34 % | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase. | CSIE, CCL, CSC |
| CC.9 | 4º-CC.9.14 - Acepta e respecta as normas de funcionamento da aula. | N2 | X | X | X | 20 % | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase. | CSIE, CCL, CSC |
| CC.9 | 4º-CC.9.15 - Maniféstase integrador/a: comparte material, cede ante os conflitos, colabora co resto do grupo | N3 | | X | X | 10 % | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico). | CSIE, CCL, CSC |
| CC.10 | 4º-CC.10.1 - Identifica o | N1 | | X | X | 0.34 % | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais | CSIE, |

PROGRAMACIÓN ANUAL DE CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL
CEIP A RÚA - CURSO 2021- 2022

| | | | | | | | | |
|-------|--|----|---|---|---|--------|--|----------------------|
| | rol do/a profesor/a na aula. | | | | | | cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asamblea. | CCL, CSC |
| CC.10 | 4º-CC.10.2 - Recoñece o persoal que traballa nas dependencias escolares e explica a súa función. | N1 | | X | X | 0.34 % | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asamblea. | CSIE, CCL, CSC |
| CC.11 | 4º-CC.11.1 - Mostra interese polas celebracións ou eventos da escola, familia ou localidade. | N1 | X | X | X | 0.34 % | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común. | CSIE, CCL, CSC |
| CC.11 | 4º-CC.11.2 - Participa e recoñece as festas populares que se celebran no seu contorno. | N3 | | | X | 0.34 % | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común. | CSIE, CCL, CSC |
| CC.11 | 4º-CC.11.3 - Coñece feitos, costumes e obxectos relacionados coas celebracións. | N3 | | X | X | 0.34 % | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común. | CSIE, CCL, CSC |

A **avaliación da práctica** docente levarase a cabo nas diferentes tarefas didácticas e tarefas propostas nas unidades didácticas de xeito que se poidan realizar as modificacións metodolóxicas e organizativas que se consideren oportunas para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe.

- Accións de contribución ao plan de convivencia
- Actividades complementarias e extraescolares.
- Procedementos para avaliar a propia programación.
 - Participación nas sesións de asesoramento pedagóxico incluídas do plan de formación do centro.

Un dos aspectos importantes da nosa actuación docente e a continúa revisión da nosa práctica educativa e a programación didáctica segundo as necesidades que van xurdindo no proceso coa finalidade dunha mellora da calidade educativa.

Para levar a cabo esta autoavaliación, teremos en conta os seguintes aspectos:

- A Adecuación dos distintos materiais didácticos e recursos, ao nivel de desenvolvemento dos nenos/as e os seus intereses.
- Se as actividades e tarefas plantexadas foron motivadoras para os nenos/as e adaptadas o seu nivel evolutivo, ritmo e intereses.
- A Adaptación da temporalización das actividades programadas e organización espazo-temporal aos obxectivos plantexados.
 - Se o clima xerado nos espazos foi cálido e non xerador de conflitos.
 - Se a idoneidade da practica docente e pa

Se a idoneidade da práctica docente e programación para acadar os resultados esperados. Se a participación, interacción e comunicación coas familias na vida do centros foi activa e axeitada.

- A correlación das aprendizaxes dos nenos/as e o seu desenvolvemento evolutivo e ritmo individual.
- Se a participación na vida do centro e comunicación entre os distintos departamentos e

especialistas foi axeitada.

- A eficacia dos mecanismos de autocorrección derivados da autoavaliación continua levada a cabo polos propios docentes.

4.- METODOLOXÍA

4.1.- AMBIENTES DE APRENDIZAXE:

Creemos que a escola é un espazo para os nenos, e polo tanto ten que ser un espazo pensado e creado para eles. A nosa labor como docentes é saber empregar a mirada dos nenos para crear un espazo de convivencia, confianza e liberdade, que lles permita pensar, discutir e traballar coa vontade de reconciliar o que xa sabe co que aínda non sabe.

Os nenos e nenas veñen á escola cun gran camiño percorrido, cunhas potencialidades e unhas capacidades (intelixencias) que han de ser respectadas, acompañadas e guiadas para a súa máxima expresión. Por iso, creemos firmemente que o rol que temos como mestres é crear os ambientes que favorezan ese acompañamento, deixando aos rapaces que exploren as súas posibilidades de acción e aprendizaxe, sendo guías e deixando un papel activo e protagonista aos cativos.

Respecto e confianza son as bases deste proxecto de escola viva e activa, pois é o motor que acciona o mellor de cada persoa, de cada neno. Cando poñemos respecto, seguridade e confianza nas capacidades e intelixencias dos nenos, estamos potenciando a súa autonomía física, intelectual e ética. A liberdade de cada un remata onde empeza a liberdade do outro, por iso fomentamos a liberdade de acción e elección pero sempre dende o respecto mutuo e o respecto propio, así como o respecto ao contorno.

Apostamos por un enfoque globalizador do ensino, no que os nenos adoiten un papel activo na formación da súa personalidade, na adquisición da súa autonomía, iniciativa e responsabilidade, do intercambio de puntos de vista, de compartir e construír coñecementos, expresar e argumentar as súas opinións, e buscar solucións creativas, sempre dentro dun ambiente respectuoso, afectivo, cooperativo, e de investigación activa.

Así, partindo do noso currículo e as súas orientacións metodolóxicas, deseñamos un proxecto no que teña cabida toda a comunidade educativa, e onde cada un dos nenos poida avanzar ao seu ritmo, respectando en todo momento as súas individualidades e capacidades/intelixencias.

Segundo o que se establece no Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galiza, temos que facer explícitos os **PRINCIPIOS METODOLÓXICOS** que deben enmarcar a nosa acción pedagóxica neste ciclo. Seguindo a nosa premisa dunha escola viva e activa, detallamos estes principios que se sustentan nas aportacións das principais correntes psicolóxicas e pedagóxicas:

Principios de correntes psicolóxicas (Ausubel, Piaget, Vigotsky):

Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado: tendo en conta o nivel madurativo e as experiencias e coñecementos previos de cada neno, sendo este o punto de partida para a adquisición de novas aprendizaxes.

Asegurar a construción de aprendizaxes significativas: de xeito que o neno relacione os seus coñecementos e experiencias previas coas novas aprendizaxes, mediante actividades e propostas que teñan sentido e interese para el.

Aprender a aprender: a autonomía non só entendida nas actividades da vida cotiá, senón tamén autonomía nas aprendizaxes. Debe fomentarse a capacidade de autoexestión das actividades, o erro como parte de construción positiva e a competencia para adaptarse ás novas situacións aplicando os coñecementos e experiencias previas.

Promover a actividade por parte do alumno: actividade con carácter construtivo, a través do xogo, a acción, a manipulación e a experimentación. Unha actividade tanto física como mental.

Principios pedagóxicos:

Individualización, adaptando o proceso de aprendizaxe a cada un dos nosos alumnos,

ás súas características, capacidades, posibilidades, necesidades e ritmos madurativos. Trátase de adaptarnos ao alumno, e non ao revés.

Socialización, fomentando a interacción entre os nenos, tamén de diferentes idades, facilitando así o progreso intelectual, afectivo e social.

Intuición, a través do emprego dos sentidos e o mundo sensorial para o coñecemento dos obxectos, baseado sobre todo na manipulación e nas experiencias sensoriais.

Motivación, pois sen motivación no hai aprendizaxe, principalmente a motivación intrínseca, a que ven dos propios intereses e necesidades do alumnado, pois é a que conecta a dimensión emocional coa intelectual e social

Xogo, pois é a actividade natural e espontánea do neno, a través da cal se levan aprendizaxes significativas de diversa índole, se estrutura a realidade e se organizan os contidos de forma global.

Globalización, entendendo que a realidade non se presenta en partes, senón como un todo, o neno relaciona o que está aprendendo con aquilo que xa ten adquirido. Por iso, non se separan os contidos de diferentes tipos nin as diferentes áreas.

Flexibilidade, deixando espazo á creatividade, espontaneidade e a iniciativa dos nenos.

Principios de correntes neurodidácticas (Francesco Tonucci, Mar Romera, Jesús Guillén, Arno Stern, Emile Pikler, Irene de Puig y Ángela de Sátiro, Montserrat del Pozo, Howard Gardner, Loris Malaguzzi...).

Pedagogía centrada na infancia: entendendo que os nenos e nenas teñen unhas necesidades e características totalmente diferentes das do adulto. Non debe pretenderse que se comporten como adultos, senón como nenos, con necesidades de xogo e movemento.

Educación emocional: as emocións forman parte indisoluble dos procesos de aprendizaxes e da vida mesma. Ademais de recoñecer as diferentes emocións, hai que saber aceptalas e xestionalas. Intimamente relacionada coa motivación na aprendizaxe.

Ensinar a pensar: baseado na importancia da capacidade reflexiva, crítica e de pensamento autónomo.

Importancia do movemento e do desenvolvemento motor: sobre todo nas primeiras idades, no que o desenvolvemento motor e o cognitivo están conectados. A través do movemento actívanse partes do cerebro e conéctanse os dous hemisferios cerebrais, que axudan nas aprendizaxes e nos procesos de atención e concentración.

Intelixencias múltiples: así como hai múltiples problemas para resolver, hai múltiples intelixencias, e non unha única. Os seres humanos posúen unha gama de capacidades e potenciais (intelixencias múltiples) que se poden empregar de moitas maneiras produtivas, tanto en conxunto como por separado. O coñecemento das intelixencias múltiples ofrece a posibilidade de poder despregar coa máxima flexibilidade e eficacia no desempeño das distintas funcións definidas por cada sociedade.

Cen linguaxes: outorgando importancia a todas as linguaxes como fonte de comunicación e expresión, con liberdade e fomentando da creatividade. A palabra non é a única forma de expresarnos; tamén existen outros medios coma os xestos, as miradas, os silencios, as posturas, o xogo, os ritmos, as cores... E todas estas linguaxes están interrelacionadas e integradas no desenvolvemento do neno, polo que hai que potencialas tamén desde a escola.

Baseándonos en todos estes principios, detallamos as **ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS**, seguindo o anteriormente citado Decreto 330, nos seis epígrafes marcados na lexislación:

4.2 AMBIENTES DE APRENDIZAXE PRESENTES NOS ESPAZOS.

Unha axeitada distribución dos espazos, recursos e distribución do tempo, será fundamental

para a consecución das intencións educativas.

Espazos: Cada unha das aulas disporá de ambientes de uso común para compartir e tamén para poder estar e xogar sos. Este ambiente será grato, afectivamente significativo e esteticamente agradable que lle permita ao alumnado sentirse cómodo, seguro, confiado e acolrido. Cada unha das aulas ten un espazo que lle da identidade segundo as características da idade do grupo de referencia. As aulas ademais dividiránse en ambientes que potencien as diversas capacidades e intelixencias de cada un dos nenos. Darémoslle importancia tamén ao espazo exterior (patio), pois o emprazamento do cole permítenos ter un contacto directo coa natureza. O deseño dos espazos e dos ambientes favorecerán a autonomía dos nenos, confiando nas súas capacidades e dando tempo a cada un dos rapaces para avanzar na conquista desa autonomía, de xeito que os adultos sexamos acompañantes respectuosos. Ademais, nos momentos conxuntos (internivel) potenciarase que se axuden uns a outros.

AMBIENTE SENSORIAL E EXPERIMENTACIÓN (Ciencias e natureza)

O ambiente sensorial baséase na experimentación dos diversos materiais a través dos sentidos. Manipular diversos materiais e experimentar con eles, fará que os nenos e nenas adquiren dun xeito significativo as propiedades dos obxectos: peso, tamaño, cores, olores, suavidade, rugosidade, temperatura... mediante a realización de transvases, comparacións, clasificacións, experimentación a través dos diferentes sentidos etc.

Os materiais das mesas sensoriais irán cambiando periodicamente. En moitas ocasións, as propostas centraranse nesta mesa, pero noutros momentos empregárase unicamente para explorar e manipular libremente, mentres que ofertárase outra proposta con outros materiais: transvases noutros recipientes, emprego da balanza, manipulación de botes de olor o

cromáticos, táboas ou bolsas sensoriais... e unha grande cantidade de obxectos que inviten á experimentación e a manipulación a través dos sentidos.

Ao longo do curso en momentos puntuais, o espazo sensorial e de experimentación adquire un carácter de investigación onde empregamos o método científico: realizando unha observación, facendo medicións, empregando a experimentación, a formulación, a análise e a formulación de hipóteses.

AMBIENTE DE XOGO SÍMBOLICO,

Este ambiente fai posible á necesidade dos nenos e nenas destas idades de realizar este tipo de xogo. O xogo simbólico axúdalles a comprender o seu entorno, a organizar os seus coñecementos e a desenvolver a memoria, a atención, a imaxinación e a creatividade. Tamén favorece a socialización, posto que ao poñerse na pel doutro personaxe, ten a oportunidade de empatizar cos sentimentos, emocións ou roles dos outros.

Tamén facilita o desenvolvemento da linguaxe, pois os nenos/as expresan verbalmente accións cotiás, que ata o de agora so expresaban con accións, adiantando intencións, inventando historias, alimentando a súa imaxinación e potenciando e estimulando o desenvolvemento da linguaxe.

AMBIENTE DA TRANQUILIDADE:

Este ambiente será empregado como zona de lectura, como lugar de recolleto para relaxarse e establecer comunicación e desfrute en pequenos grupos de xogos, contos e instrumentos musicais. Permite dentro da aula a posibilidade da escoita interna e de expresión e comunicación das emocións e sentimentos.

AMBIENTE LÓXICO-MATEMÁTICO:

Ambiente pensado para desenvolver o pensamento lóxico-matemático dos nenos e nenas, polo que estarán dispostos materiais como quebra-cabezas, bloques lóxicos, regretas, ábaco, xogos de identificación, emparellamento, clasificación, seriación e numeración.

Ao igual que noutros ambientes, estes materiais e propostas rotativas secuenciadas en dificultade segundo o espazo e a idade dos alumnos de referencia. Ademais neste ambiente incorpóranse propostas de actividade ou xogo para traballar os diferentes contidos curriculares segundo os diferentes niveis que teñamos na aula.

AMBIENTE ARTÍSTICO:

Neste ambiente procuramos a libre expresión dos nenos e nenas a través dos materiais que se lle ofrecen, e a libre manipulación e experimentación dos mesmos para que pouco a pouco vaian descubrindo as diversas posibilidades que cada un destes materiais pode ter.

A través das propostas e das provocacións poderemos afondar en conceptos propios da expresión plástica e favorecer a expresión creativa.

AMBIENTE DE REPRESENTACIÓN E COMUNICACIÓN

Ambiente dedicado á aproximación da lectoescritura. Neste ambiente ordénanse todos os materiais e xogos que teñen relación coa lectoescritura: letras de madeira, magnéticas, xogos de palabras, de composición e identificación... e tamén os aspectos previos a psicomotricidade fina e a grafomotricidade.

Tamén incluiremos propostas e invitacións na aula de referencia de 5 anos un espazo para a escritura espontánea cunha funcionalidade comunica, enviar mensaxes, cartas, postais ou realizar ilustracións con texto en relación con pequenas investigacións, temáticas de interese que propoñan ou xurdan na aula.

Ao igual que nos demais ambientes, cada semana se incluírán propostas para ir acercando todos os contidos curriculares relacionados con esta área aos nosos alumnos/as, ofrecendo diferentes graos de dificultade para poder adaptarnos aos ritmos de todos eles, e iremos observando coidadosamente os seus intereses para poder relacionar estas propostas con todos eles, e así sintan curiosidade por explorar estes materiais.

AMBIENTE DE CONSTRUCCIÓN:

Ofrecerémoslle aos nenos/as situacións de aprendizaxe onde poidan facer propostas, tomar decisións, organizar e anticipar as súas accións.

Terán moita importancia tamén as asembleas para comentar acontecementos ou discutir e decidir determinados aspectos da actividade diaria , favorecendo así o desenvolvemento das relacións interpersoais, o establecemento de vínculos afectivos, así como que os nenos se sintan membros do grupo e participen activamente nel. Promoveremos así tamén o diálogo e intercambio de opinións sobre calquera tema, respectando as opinións de todos e traballando por chegar xuntos a acordos significativos.

É imprescindible destacar a importancia do xogo como actividade propia desta etapa, xa que os cativos, mentres xogan, manipulan obxectos nun espazo e nun tempo, crean e transforman, establecen relacións, deseñan situacións e invisten a acción da súa emotividade e simbolismo; manifestan a través do xogo as súas vivencias e experiencias e van afondando en novos niveis de relación e de interacción. Por isto, daremos moita importancia ao xogo libre, á libre elección da actividade lúdica dos rapaces, que, xunto coa preparación do ambiente, propiciará os aprendizaxes segundo o ritmo de cada un.

Resaltamos tamén a importancia da afectividade, pois os nenos e nenas deben sentirse seguros, queridos, respectados, escoitados... para construír unha autoimaxe positiva.

4.3. PRINCIPIOS DO ACOMPAÑAMENTO DO PROFESORADO NO PROCESO DE ENSEÑANZA APRENDIZAXE:

Actuaremos como mediadoras entre o alumnado e os procesos da aprendizaxe e a experimentación, atendendo a diversidade do alumnado, acompañándoos nas súas aprendizaxes, emocións e necesidades. A partir da observación e documentación do que os nenos saben e vivencian, podemos intervir en cada caso do xeito máis próximo aos seus coñecementos, potenciando no alumnado as súas habilidades de pensamento e intelixencias, garantindo a construción de novas aprendizaxes.

Será tamén a nosa labor crear un ambiente educativo onde prime a valoración positiva nas interaccións, evitando as comparacións e a desvalorización. É importante favorecer que os nenos expresen libremente as súas opinións, os seus sentimentos e suxestións, por iso te-

mos que crear as condicións para que sexan escoitados, aceptados e respectados nas súas diferenzas (fundamentalmente a través das asembleas).

Valoraremos os erros como fonte de construción de coñecemento, creando un clima de aceptación e de respecto mutuo no cal equivocarse sexa un paso máis no proceso de aprendizaxe, en que cada neno se sinta con confianza.

A intervención da persoa docente, acompañando, animando, apoiando, abrindo novos camiños, suxerindo..., estimulará a creatividade e contrarrestará estereotipos e convencionalismo, sobre todo nos espazos vivenciais.

A intervención é indirecta, ofertando os medios necesarios para o desenvolvemento e seguindo este con respecto. É dicir, non se ensina a todos o mesmo ao mesmo tempo, senón que a través das observacións e da documentación, as mestras coñecen a cada rapaz e van propoñendo a cada un o que necesita en cada momento. O neno é o que marca o ritmo, e non o adulto, porque cada neno é diferente e ten uns ritmos diferentes.

Así, toda a actividade está centrada no alumno. Axudamos aos nenos a proceder por si mesmos, e aprenderán a través das propostas e dos materiais, e tamén a través das observacións de uns aos outros.

4.3.- PRINCIPIOS DE OBSERVACIÓN E ESCOITA DO ALUMNADO.

Terase en conta que cando os nenos chegan a escola xa teñen un percorrido no seu coñecemento, e potenciarase a súa capacidade para descubrir e sentirse exploradores activos, poñendo á súa disposición os medios que llo possibiliten, así como tamén o acceso a obxectos ou a novas fontes de coñecemento.

Cando a un grupo de nenos se lles confiren responsabilidades de progresiva complexidade en relación con ámbitos referidos a si mesmos, ás demais persoas e ao medio natural, confiando neles, estamos abríndolle a posibilidade de que aprecie e valore os seus logros e esforzos e os das outras persoas, avanzando no proceso de autonomía persoal

É igualmente importante ofrecerlle ao alumnado situacións de aprendizaxe que incentiven e potencien as súas intelixencias. Darémolle a oportunidade de que realicen as súas propostas, que tomen as súas decisións, anticipar as súas accións, organizar as súas activi-

dades...

4.5 PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID 19.

Seguindo o Protocolo de Adaptación ao contexto da COVID 19 do 22/07/2020 e as Instrucións do 31/08/2020 tomaranse as seguintes medidas:

- As titoras, mestra de apoio ou os especialistas lembrarán diariamente, os nenos e as nenas, as normas de hixiene e traballarán a concienciación coa pandemia de forma lúdica.
- Os tres niveis de Educación Infantil conformarán grupos estables de convivencia, e na aula traballarase mediante grupos dun máximo de 5 alumnos/as que se constituirán como subdivisións dos grupos estables de convivencia.
- A merenda realizarase de xeito individual en grupos e en espazos diferenciados.
- Os alumnos e as alumnas terán a súa disposición dispensadores con auga, xabón e papel en cada ambiente de aprendizaxe para cada vez que se use material compartido e, ademais realizarán o lavado de mans cando menos 5 veces ao longo da xornada, particularmente na entrada e saída ao centro, antes e despois do recreo, antes e despois de comer e sempre despois de ir o aseo.
- Cando as condicións meteorolóxicas o permitan, manteranse as xanelas abertas o maior tempo posible.

4.6 MEDIDAS DE CARÁCTER PEDAGÓGICO PARA O ENSINO A DISTANCIA.

Arbitraranse dun modo alternativo para a comunicación coas familias e o mantemento da actividade lectiva diferentes canles:

- Correo electrónico.
- Chamadas telefónicas.
- SITE DE INFANTIL.
- REMIND.

5.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A LOE/ LOMCE, remarca como principios básicos unha educación de calidade para todo o alumnado; o esforzo compartido de todas as persoas que compoñen a comunidade educativa; e a equidade na educación que garanta a igualdade de oportunidades. Dentro deste principio, merece especial mención a atención á diversidade, que segundo o **Decreto 229/2011 do 7 de decembro** pode definirse, como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Estas medidas e accións implican a toda a comunidade educativa e deben concretarse nas propostas curriculares, organizativas e de xestión do centro.

A atención á diversidade deixa de ser unha medida que responde as necesidades duns poucos, para pasar a ser unha necesidade de todo o alumnado e de todas as etapas educativas, sendo a escola unha escola inclusiva con medidas organizativas e curriculares de atención á diversidade para asegurar o principio de equidade. Ditas medidas pasarán a formar parte do Plan de Atención á Diversidade e do Proxecto Educativo. Ademáis o centro contará cun depar-

tamento de orientación (D.120/1998) composto por a orientadora, un especialista en PT e outro en AL que atenderán distintas dificultades educativas que xurdan durante o proceso de aprendizaxe do alumnado

A nosa intervención educativa baséase nun enfoque multidisciplinar e de colaboración e coordinación entre os diferentes profesionais e as familias e ten como finalidade ofrecer os medios necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, asegurando os recursos necesarios para que o alumnado se desenvolva segundo seu nivel evolutivo e intereses e fomentando a liberdade do neno/a na elección das propostas educativas plantexadas polo profesorado a través dos distintos ambientes e propostas de aprendizaxe e dos talleres semanais,; promovendo deste xeito un estilo educativo personalizado e individualizado que favoreza a atención a diversidade e os diferentes estilos de aprendizaxe.

Entre os obxectivos plantexados en referencia a atención a diversidade, podemos destacar:

- Respetar a individualidade de cada neno e nena.
- Admitir a diversidade como algo substancial na aula. Modificar os tempos nas propostas de aprendizaxe, adaptándonos aos ritmos individuais.
- Adecuar a metodoloxía ás necesidades do alumnado.
- Adecuar as propostas de aprendizaxe ás diferenzas individuais.
- Fomentar a práctica de dinámicas cooperativas.

6.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Os diversos ambientes contarán con materiais adecuados aos diferentes niveis e intereses dos alumnos e da alumnas, e a través das propostas que se fagan con estes materiais, procurarase dar resposta a todas as competencias, capacidades e intelixencias. Tamén estarán presentes nas aulas diversos elementos do medio natural e sociocultural que favorezan o vínculo coa identidade do alumnado, creando así un ambiente significativo que esperte o inte-

rese por explorar e experimentar. Estes materiais estarán ao alcance dos alumnos/as, dispostos en mobiliario baixo e accesible. Ofreceremos certa cantidade de xogos, materiais, actividades e propostas, escollendo e rotando os mesmos según as necesidades e os intereses presentes na aula. Delimitaremos a cantidade de propostas e xogos para facilitar o seu acceso e recollida o seu transporte en caixas baixas con bordes, bandexas, cestas, contedores con rodas... Estarán expostos de xeito visible, delimitándos e os rotaremos periodicamente.

Dedicarémolles tempo tamén as presentacións dos materiais: ofrecerémollos paulatinamente, sen presas, con conversas, para establecer en común as normas de conservación, uso...

Os materiais e recursos didácticos dada a pedagogía activa, de vivenciación e experimentación que levamos a cabo serán fundamentalmente:

Os materias naturais como troncos, cortezas, paos, pedras, cunchas... conectan ao neno coa realidade da súa contorna e son materiais duradeiros que permiten unha aproximación a natureza o máis real posible e percibir propiedades que non permiten os elaborados. Ademais fomentan o non consumismo e sostenibilidade do medio ambiente.

Os materiais de refugallo serán reutilizados como propostas educativas que fomentan a creatividade e imaxinación e conciencian aos nenos da importancia do reciclaxe.

Os materiais da vida diaria favorecen a conexión do neno a través do xogo con elementos da vida cotiá, facilitando o seu uso e manexo e autonomía.

Os recursos persoais cos que conta a Etapa de Educación Infantil son: tres titoras e unha mestra de apoio, unha mestra de Lingua Estranxeira, unha mestra de Música e un Mestre de Psicomotricidade. A maiores dispoñemos de persoal específico para atención educativa adecuada ao alumnado con NEAE. Dentro destes recursos persoais específicos, pódese distinguir entre a mestra de Pedagogía Terapéutica e a mestra de Audición e Linguaxe.

7.- SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

Ademais de flexibilizar os tempos, e de intercalar momentos de rutinas con momentos de

xogo, establecemos unha xornada onde teñan cabida as necesidades de movemento dos nenos de estas idades, e a necesidade do contacto coa natureza, sempre dende un clima de respecto polos ritmos e intereses de cada un. Na medida do posible, tentaremos que as especialidades se integren na dinámica das aulas, sen facer separacións horarias, para respectar ao máximo o principio de globalización.

A xornada lectiva escolar para os nenos e nenas de catro anos comeza ás 9,20 e remata ás 14,20, os de cinco anos comezan as 9,25 e rematan ás 14:25 e, a xornada para os de tres anos vai desde as 9,30 ata as 14,30.

PERÍODO DE VINCULACIÓN

Para nós a incorporación ao centro, é un momento de importancia vital, onde se xeran os primeiros enlaces, entre escola-familia e neno. É un primeiro contacto cun ambiente que pretendemos estruturar, coidar e preparar segundo as necesidades do alumnado segundo a súa etapa evolutiva. Onde a autonomía, a exploración, o movemento e a curiosidade polo real teñen un gran peso. Pero sobre todo, crear un vínculo entre compañeiros, fillos/as e familiares toma o maior sentido e é para nós un obxectivo fundamental.

Durante o período de vinculación, aínda que sendo unha acción contraria a metodoloxía do centro pero aplicada debido a situación e ás instrucións Covid da Consellería, o alumnado chegará o centro acompañado dun familiar e agardará nun espazo diferenciado para a entrada no aula. Non podendo estar, dita persoa, acompañando os nenos e as nenas na aula de referencia como se viña facendo os pasados cursos.

A pesar das peculiaridades propias da pandemia realizaremos este proceso dun xeito amable e respectuoso. Observaremos ás súas emocións, tanto se son visibles coma se non, xa que poden manifestarse a través doutras condutas (descontrol de esfínteres, falta de ape-

tito, trastornos do sono,...).

| 4º DE EDUCACIÓN INFANTIL | | | | |
|---|---|---|---|--|
| PERÍODO DE VINCULACIÓN | | | | |
| | | | XOVES 9 DE SETEMBRO | VENRES 10 DE SETEMBRO |
| | | | 9:45 -10:45 GRUPO A 11:15-12:15 GRUPO B 13:00-14:00 GRUPO C | 9:45 - 10:45 GRUPO D 11:15-12:15 GRUPO B 13:00-14:00 GRUPO A |
| LUNS 13 DE SETEMBRO | MARTES 14 DE SETEMBRO | MÉRCORES 15 DE SETEMBRO | XOVES 16 DE SETEMBRO | VENRES 17 DE SETEMBRO |
| 9:45-11:45 GRUPO B 12:00-14:00 GRUPO A E D | 9:45-11:45 GRUPO A E B 12:00-14:00 GRUPO D | 9:45-11:45 GRUPO A E C 12:00-14:00 GRUPO B | 9:45-12:45 TODO O GRUPO | 9:45-13:15 TODO O GRUPO |
| LUNS 20 DE SETEMBRO | MARTES 21 DE SETEMBRO | MÉRCORES 22 DE SETEMBRO | | |
| 9:45-13:45 TODO O GRUPO | 9:45-14:00 TODO O GRUPO | TODO O GRUPO O HORARIO COMPLETO | | |

8.- APORTACIÓN E CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS CLAVE

A relación dos contidos das áreas contribúe e favorece o desenvolvemento das competencias básicas.:

- Competencia da Autonomía e Iniciativa Persoal: axudamos a organizar o pensamento, mellorar o control das emocións, adquirir habilidades de diálogo e a traballar en equipo.
- Competencia Lingüística : expresar ideas e emocións.
- Competencia Matemática: posicionar o propio corpo e os obxectos no espazo escolar, o uso dos números, medidas, símbolos, formas xeométricas...
- Competencia Cultural e Artística: percibir o arte e a cultura próxima a través de materiais, técnicas ,creativas, plástica, música...
- Competencia Social e Cidadá: son as habilidades comunicativas cun linguaxe particular que favoreza o diálogo e a resolución de conflitos.
- Competencia de Aprender a Aprender: cun aprendizaxe cada vez máis autónomo e eficaz que favoreza a atención, concentración, memoria, comprensión lingüística...
- Competencia do Coñecemento e Interacción co Mundo Físico: a través da percepción dos sons, formas, cores, texturas , xestos e movementos que contribúen a apreciar o entorno
- Competencia Dixital: o uso dos ordenadores como espazo propio na aula, as cámaras e a creación de montaxes favorece a interacción dos nenos/as coas novas tecnoloxías, favorece a transmisión de información despois de realizada unha búsqueda de información.

9.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

O centro organizará, desde a biblioteca, actividades puntuais para conmemorar datas que teñan especial significado pola súa relación co noso Proxecto Curricular ou polo seu carácter de celebración oficial.

| ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS | TEMPORALIZACIÓN |
|---|------------------------|
| PERIODO DE ADAPTACIÓN E VINCULACIÓN COS NOVOS ESPAZOS DE APRENDIZAXE E RUTINAS DE AULA | SETEMBRO |
| CELEBRACIÓN DO DÍA DAS BIBLIOTECAS ESCOLARES. | OUTUBRO |
| CELEBRACIÓN DO MAGOSTO / SAMAÍN CELEBRACIÓN DO DÍA UNIVERSAL DO NENO E DA NENA E DO DÍA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO | NOVEMBRO |
| CELEBRACIÓN DO DÍA DOS DEREITOS HUMANOS E DO NADAL | DECEMBRO |
| CELEBRACIÓN DO DÍA DA PAZ | XANEIRO |
| CELEBRACIÓN DO DÍA DE ROSALÍA E DO ENTROIDO | FEBREIRO |
| CELEBRACIÓN DO DÍA DA MULLER E DA SEMANA DA PRENSA | MARZO |
| CELEBRACIÓN DA SEMANA DO LIBRO | ABRIL |
| CELEBRACIÓN DA SEMANA DAS LETRAS GALEGAS | MAIO |

O longo do curso en función dos recursos persoais e da situación COVID realizaranse excursións pola contorna próxima o centro, xornadas de convivencia ou unha excursión de todo o día para pechar o curso escolar.

10.- APLICACIÓN DOS PLANS E PROXECTOS DE CENTRO

O “PLAN LECTOR”:

Consideramos importante tomar parte desta planificación encamiñada o fomento da lectura, aplicando na aula certos aspectos propostos nel pero adaptados os alumnos de Educación Infantil:

- Establecendo un sistema de préstamo de libros para casa da biblioteca de aula, xa explicado no correspondente apartado con anterioridade.
- Colocando en cada espazo da aula libros de consulta, contos relacionados coa temática do mesmo.
- Incluíndo un espazo de aula coas características de recollemento e comodidade para observar, leer e manipular contos adecuados a idade dos alumnos/as e os seus intereses.
- Iniciando un obradoiro no espazo da biblioteca no que se incluírán actividades de formación de usuarios e de experimentación e adquisición de aprendizaxes a través de contos.
- Animando os alumnos/as a que traian o centro “contos” para lerlles compartilos cos demais.

PLAN DE CONVIVENCIA

A nosa participación neste proxecto esta inmersa na nosa vida diaria de aula, dando prioridade como docentes no acompañamento respetuoso e emocional dos alumnos, así como intervir de mediador nos conflitos dotando dos alumnos de estratexias para xestionar as súas emocións e o conflitos que xurden no xogo.

- Incluímos na nosa observaicon a adquisición dos obxectivos didacticos e os criterios de avaliacion teñen en conta aspectos formativos relativos a convivencia solución dialogada de conflitos.
- Os conflitos entre iguais seran solucionados mediante o dialogo, enfrontando os alumnos/as ante a necesidade “de falar” para ponerse de acordo e “solucionar o problema”, de xeito gradual sen a intervención do mestre como mediador.
- Participación nas propostas de actividades relacionadas coa igualdade e a diversidade de xénero, a través de contos nos que presentan esta temática, coidando que nas aulas no estén presentes imaxes esteriotipadas, xogos con identificación social de xénero, empregando materiais de aprendizaxe desestructurados.

11.- RELACIÓNS COAS FAMILIAS E COMUNIDADE ESCOLAR

A pesar de que nesta situación de pandemia os familiares non teñen acceso a aula e non poden participar presencialmente nas actividades do día a día, pretendemos que as familias estean presentes, a través de diferentes actividades puntuais telemáticas. A medida que a situación COVID e as instrucións da Consellería permítano intentaremos recuperar as actividades presenciais que se viñan facendo ata este momento.

Así mesmo, para o equipo de infantil a Comunidade Educativa fórmana todas as persoas que interactúan coas nosas nenas e nenos: familia, profesorado, veciños e veciñas... Sendo o papel das mestras de mediadoras nesa comunidade. Intentaremos, para non manternos afastadas das familias informar, non só das cuestións curriculares, senón escoitar as súas dúbidas, propostas, queixas,... Asemade, realizaranse sesión de acompañamento ás familias por parte do DO e profesionais externos (sempre que a situación o permita) segundo as in-
quedanzas que as familias vaian manifestando ao longo do curso.